

# Bancos do Tempo

## 1. Presentación

Os Bancos do Tempo son espazos concebidos para **impulsar e favorecer os intercambios** de tempos, traballos e servizos entre as persoas, apoiando a cooperación informal entre particulares nun determinado contorno urbano ou rural.

O **Proxecto Conta con Elas** (enmarcado dentro da iniciativa Equal do Fondo Social Europeo) **impulsa** de xeito experimental a súa **posta en marcha**, entendendo os “bancos do tempo” como unha medida que favorecerá a conciliación da vida familiar, laboral e persoal dos homes e das mulleres.

## 2. Qué son os Bancos do Tempo

O Banco do Tempo é primeiro Banco que funciona sen cartos. Neste Banco unicamente se pode **depositar tempo**, que se retira no momento de ser utilizado.

## 3. Dinámica de funcionamento

Una **persona deposita unhas horas de tempo** ofrecendo un servizo que quere dar e, a cambio, pode pedir tempo doutra ou outras persoas para algunhas necesidades do día a día.

## 4. Obxectivos e destinatarios

Os Banco do Tempo queren **promover o intercambio gratuíto de servizos** entre as persoas de **calquera idade** dando a oportunidade para que as persoas se coñezcan y confíen nos demais para poder resolver as necesidades de la vida diaria e levar a cabo actividades satisfactorias.

Están abertos aos homes e mulleres, buscando sempre a mellora da calidade de vida, potenciar as relacións de veciñanza e axudar á conciliación da vida persoal e laboral.

## 5. Como formar parte

Todas as persoas temos cousas para ofrecer e pedir. Cualquera muller, home, maior ou xove pode inscribirse no Banco do Tempo poñéndose en contacto coa **sede máis próxima**.

En todos os casos, é conveniente manter unha **entrevista** coa persoa que estea ao cargo da secretaría do Banco do Tempo para aclarar o que podemos ofrecer, o que queremos recibir e durante cantas horas.

A admisión no Banco do Tempo implicará a aceptación dunhas normas de intercambio.

## 6. Que se pode intercambiar

A modo de exemplo pódense intercambiar os seguintes servizos:

- Acompañar a nenas y nenos ao colexio ou a outras actividades.
- Ler contos, xogar con nenos e nenas, axudar a facer os deberes...
- Coidar a nenas e nenos ou a outras persoas durante períodos curtos de enfermidade.
- Acompañar a personas maiores ao médico, á farmacia, ao banco, a xestións...etc.
- Pasar traballos a ordenador.
- Facer a compra.
- Desenvolver pequenas tarefas domésticas.
- Coidar animais domésticos e prantas.
- Pasear, acompañar al cine, al teatro, exposiciónes, etc.
- Pequenas repacións domésticas, de automóbiles...
- Desprazamentos e transportes.

Teñen os Bancos do Tempo moitas máis posibilidades e potencialidades que se irán desenvolvendo a medida que se vaia xenerando unha oferta e unha demanda por parte dos seus usuari@s.

## 7. Como se fai o intercambio

A **unidade de intercambio** nos Bancos do Tempo **é a hora**, independentemente do servizo que se ofrezca ou que se reciba.

Nestes bancos, o tempo é a riqueza principal e polo tanto a unidade de valor.

Cada persoa que participa no banco do tempo disporá dun **talonario** que utilizará en cada momento que use o seu tempo a favor doutra persoa e informará mensualmente á secretaría do tempo utilizado e recibido.

A secretaría enviará periódicamente ás persoas que participan o estado da súa conta corrente de tempo, xunto cunha lista dos servizos que se poden intercambiar.

A secretaría tamén realizará unha revisión global dos movementos de cada conta corrente e avisará ás persoas que se atopen en situación de desequilibrio de tempo, tanto se é porque deron moito como se recibiron pouco.

Así mesmo, unha persoa que non usara os seus créditos de recepción de tempo, pode transferilos voluntariamente a outra persoa integrante do banco do tempo.

## 8. Fases do proxecto

O proxecto, nunha **primeira fase**, organizou o **obradoiro de formación** "Posta en marcha e mantemento de Bancos do Tempo" dirixido a representantes de asociacións de mulleres e asociacións veciñais da área de Vigo, que tivo lugar nos meses de febreiro e abril.

Xa nesta **segunda fase**, Conta con Elas impulsa e financia a **creación de 5 Bancos do Tempo** na cidade de Vigo. **Conta con Elas financiará** durante **6 meses** o funcionamento e cede o equipamento informático e material dos bancos do tempo.

## 9. Creación dos Bancos

O **proxecto gañador** para crear os Bancos do Tempo na cidade foi o da **Federación Veciñal de Vigo "Eduardo Chao"**.

A proposta da FAVEC para obter a **maior repercusión posible** na cidade baseuse nun proxecto que posibilita a súa execución en **catro puntos diferentes**, ademais dunha **oficina central** (sita no local social da FAVEC). Catro puntos que combinan o rural e o urbano chegando á maior cantidade de persoas e aos perfís máis plurais posibles. As sés estarán situadas, no **ámbito urbano**, na **Federación Veciñal de Vigo "Eduardo Chao"** e na **Secretaría da A.V. Fonte do Galo no Areal**; no ámbito **semiurbano** na Secretaría da **A.V. A Paz na Doblada**; e no ámbito **rural**, na Secretaría da **A.V. de Coruxo** e na Secretaría da **A.V. O Freixo en Valadares**.

A Federación tamén utilizará para a defusión do programa a **sesibilización directa** desde as asociacións veciñais federadas, o que é posible grazas a unha **rede de 33 asociacións** que garanten o achegamento a unha grande parte da poboación, con presenza no 90% do territorio local. Cada asociación veciñal disporá de **información** sobre os Bancos do tempo e existirá unha rede de **axentes veciñais** encargados da sensibilización.

## 10. Bancos do Tempo en España

Alguns dos Bancos do Tempo en funcionamento en España son os de:

- Banco del Tiempo de Badalona (Barcelona).
- Banco del Tiempo de Terrassa (Barcelona).
- Banco del Tiempo de los barrios de Chamberí y Tetuan de Madrid.
- Banco del Tiempo de la Universidad de Sevilla.
- Banco del Tiempo de El Escorial. Madrid.
- Banco del Tiempo de la Zona Norte-Alcobendas (Madrid).
- Banco del Tiempo de Bilbao.
- Banco del Tiempo de Vitoria.
- Banco del Tiempo de Beiro (Granada).
- Banco del Tiempo de la Sierra de Cadiz (UGT).
- Banco del Tiempo de Zaragoza.

Entre moitos outros...